SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 22 - OUTUBRO - 2010

ORDE DO DIA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN.

2.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 28/10.

3.- RECOÑECEMENTO FACTURA DE REVISIÓN DE PREZOS DE URBASER, S.A., 2005-2006 E 2006-2007.

4.- ESTUDO VIABILIDADE PARA EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA DO CENTRO DE DEPORTES ACUÁTICOS DE CHAPELA, E ANTEPROXECTOS FASES 2, 3 E 4 DAS OBRAS.

5.- RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA ACORDO DO CONCELLO PLENO, EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN DOS PREDIOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "SANEAMENTO NA BACIA GALICIA-COSTA, COLECTOR XERAL DE TRASMAÑÓ.

6.- RESOLUCIÓN EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL 6/10.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as nove horas e trinta minutos do día vintedous de outubro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO e a asistencia dos/as Sres./as Concelleiros/as: D. EDUARDO JOSÉ REGUERA OCAMPO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, Dª. LAURA LAGO ALLER, Dª. MARIA ALBINA REBOREDO SURIS, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D. JOSÉ GARCÍA MÍGUEZ, Dª. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, , D. JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO, D. MIGUEL ANGEL ALVAREZ BALLESTEROS, Dª. HERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ, D. CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, Dª. LAURA ALONSO GÓMEZ, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, Dª. MARÍA ANXELES BABARRO FERNÁNDEZ, Dª. ROSA MARIA COSTAS ESTÉVEZ, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, e D. BENIGNO GARCÍA-LUENGO MONTERO, tamén asistiu o Sra. Interventora Acctal. do Concello Dª. MARIA GARCÍA MANEIRO, actuando como Secretario, o Secretario Xeral Acctal., D. BERNARDO SOTO LÓPEZ, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS.-

Non asisten, excusando a súa ausencia, os/as Sres./as concelleiros/as: D. JUAN TIZÓN CABALEIRO e DONA. MARIA LORENA LÓPEZ RODRÍGUEZ.

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.-

A Presidencia declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a tratar os seguintes puntos da Orde do Día.-

(Selo da Corporación) (Sinatura do Presidente) Folio N.º.....

Serie A N.º 2237254

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN.-

Non se formulan observacións, e o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as seus membros presentes, sendo dezanove votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 6 do PP, 3 do BNG, e 2 do PG), acorda prestar aprobación ao acta da sesión celebrada con carácter ordinario o día **28 - setembro - 2010.-**

2.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 28/10.-

ANTECEDENTES.-

Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio de data 19 de outubro de dous mil dez, que transcrito dí:

"Vista a proposta da Alcaldía, de data 07.10.10, que transcrita di:

"O Orzamento Municipal para o exercicio 2010, contemplaba nas súas partidas iniciais o gasto que presumiblemente precisaban realizar os distintos Servicios do Concello para poder atender ás funcións que teñen encomendadas.

Agora ben, a situación de partida que o Orzamento inicial representa, non pode contemplar de xeito pormenorizado todos os acontecementos que nun Municipio do tamaño do noso se poden ir presentando ao longo do ano.

Así, e para dar cobertura a este tipo de situacións, as normas orzamentarias contemplan unha serie de medidas que, cos correspondentes límites, permiten "adaptar" o Orzamento "inicial" ao que en cada caso vaia precisando a Administración municipal.

Entre estas modificacións atópanse os créditos extraordinarios e os suplementos de créditos, que permiten afrontar gastos inaprazables ata o seguinte exercicio cando para eles non existan fondos no orzamento municipal do exercicio corrente.

Neste caso, a modificación proposta é un suplemento de crédito, porque existen ás partidas as que se vai imputar ó gasto, pero o crédito existente nelas é insuficiente.

Así pois, o que se pretende coa presente modificación é a habilitación co crédito necesario para afrontar a realización dun conxunto de actuacións de natureza diversa, coas cales trátase de dar un importante impulso, sobre todo, á actividade inversora deste Concello que permita así dar resposta ás moita demandas dos veciños e que redunden unha mellor calidade de vida do noso Concello. Tales actuacións afectan tanto ás infraestructuras municipais como tamén á mellora dos servizos públicos.

Esta Alcaldía propónlle ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.-

Tramitar o expediente administrativo de modificación 28/2010, no orzamento do Concello de Redondela para o ano 2010, mediante suplemento de crédito por importe de 2.008.562,92€.

Segundo.-

Aprobar provisoriamente o expediente administrativo de modificación 28/2010, no orzamento do Concello de Redondela para o ano 2010, mediante suplemento de crédito por importe de 2.008.562,92€ nas seguintes partidas, destinos e contías.

Partida	Destino	Euros
1621A22706	Estudios e traballos realizados por outras empresas	508.562,92€
9121A60000	Inversións en terreos	1.500.000€
	TOTAL	2.008.562,92€

Terceiro.-

O expediente administrativo de modificación 28/2010 financiase integramente con parte do remanente de tesourería para gastos xerais indicado na liquidación do orzamento do Concello de Redondela do ano 2010, aprobada por Resolución de Alcaldía do día 22 de xullo de 2010.

Cuarto.-

Na tramitación do expediente administrativo de modificación do ano 28/2010 seguirase as normas establecidas no TRLRFL (RD lexislativo 2/2004 do 5 de marzo), e na base de execución 10ª do orzamento xeral do Concello de Redondela para o ano 2010.

O expediente administrativo de modificación de crédito 28/2010 quedará aprobado definitivamente, sen necesidade de novo acordo plenario, se no período de exposición ao público de aquel non foran presentadas reclamacións".

Votación e dictame:

A comisión informativa de facenda, e patrimonio, co voto favorable dos/as Sres/as Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (4) do BNG (2), e a abstención do Grupo Municipal do PP (4), e do PG (1) dictaminou favorablemente a proposta da Alcaldía antes transcrita."

INTERVENCIÓNS.-

O concelleiro Sr. Pazos Couñago anuncia o voto desfavorable do seu grupo político por canto non entenden por qué o Concello vai a gastar 1.500.000 euros na adquisición duns terreos, cando a Comunidade de Montes Veciñais da Parroquia de Chapela estalle a ofrecer outros terreos alternativos de forma gratuita.

O concelleiro Sr. González Iglesias dí que os terreos que ofrece a Comunidade de Montes sitúanse nas cercanías do Centro de Minusválidos psíquicos, con accesos inadecuados e pouco accesibles para os equipamentos que temos previstos, e además moi alonxados do centro urbano, en tanto que os que se pretenden adquirir contan con accesos adecuados, a súa superficie, próxima aos 35.000 m2, ten un alto grado de edificabilidade e o seu precio, por estar moi por debaixo do precio de mercado, e moi beneficioso para o Concello, polo que engade que só por iso merece a pena adquirilos, por canto sería o mellor negocio do Concello de Redondela.

O concelleiro Sr. Pazos Couñago fai a consideración de que o Concello non está para facer negocios senón para prestar servicios aos cidadáns, e estima que 1.500.000 euros sobran para mellorar os accesos e servizos aos terreos que, gratuitamente, ofrece a Comisión de Montes.

Estima inexplicable, en términos económicos, pretender adquirir uns terreos mediante pago dun precio, cando se ofrecen outros alternativos a custe cero. Remata indicando que non está acreditada a idoneidade dos terreos para o fin a que se pretenden destinar e que, además, a propiedade dos mesmos está pendente de resolución xudicial.

O Sr. González Iglesias dí que ao falar de negocio refírese á oportunidade que se lle presenta ao Concello de incorporar ao seu patrimonio uns terreos, en condicións moi ventaxosas, e con respecto á inversión para dotar de accesos e servizos os terreos que ofrece a comunidade de montes, sería necesario alomenos 5.000.000 de euros.

(Selo da Corporación) (Sinatura do Presidente) Folio N.º.....

Serie A N.º 2237255

Entende que de facerse unha consulta cos cidadáns de Chapela sería abrumador o posicionamento a favor dos terreos que se queren adquirir, e, finalmente, sinala, en relación co procedemento xudicial en curso, que na compravenda estableceríase unha cláusula de savagarda que garantizaría a devolución ao Concello dos pagos efectuados, se ben o que agora se tratar non é adquirir senón dotar de partida presupostaria o orzamento municipal.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as señores/as concelleiros/as asistentes, sendo once votos a favor (8 do PSdeG-PSOE e 3 do B.N.G.), dúas abstencións (2 do PG) e seis votos en contra (6 do PP), aprobou, nos seus propios termos, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, nos antecedentes transcrito.-

3.- RECOÑECEMENTO FACTURA DE REVISIÓN DE PREZOS URBASER, S. A., 2005-2006 E 2006-2007.-

ANTECEDENTES.-

Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio de data 19 de outubro de dous mil dez, que transcrito dí:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de asuntos económicos de data 15.10.10, que transcrita di:

"Vista a factura expedida por Urbaser S.A., nº 27502FACT100066 de revisión de prezos dos anos 2005-2006 e 2006-2007, por importe de 42.711,04, expedida o 1 de outubro de 2010.

O artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, establece a posibilidade do recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non foran naquel ó que correspondían, atribuíndolle ó Pleno da Corporación tal recoñecemento.

Esta Alcaldía, ten a ben propor a comisión informativa de Facenda e Patrimonio, que ditamine favorablemente e eleve a Pleno o expediente para a adopción do seguinte acordo:.

Único.- Aproba-la revisión de prezos solicitada por Urbaser e polo tanto a devandita factura nº 27502FACT100066, polo indicado importe de 42.711,04 euros e declarala de aboamento a Urbaser, S.A.

Votación e dictame:

A comisión informativa de facenda, e patrimonio, co voto favorable dos/as Sres/as Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (4) do BNG (2), e a abstención do Grupo Municipal do PP (4), e do PG (1) dictaminou favorablemente a proposta do Presidente antes transcrita.

INTERVENCIÓNS.-

O concelleiro Sr. García-Luengo Montero sinala que o PG votará a favor do recoñecemento da factura para que se cumpran os contratos, pero ese cumprimento debe ser por ambalas dúas partes.

O concelleiro Sr. Pazos Couñago indica que debe esixirse un maior grado de cumprimento dos servizos que presta a empresa concesionaria URBASER, S. A.,.

O concelleiro Sr. González Iglesias dille ao Sr. Alcalde que abra unha investigación para saber porqué non se efectuou o pagamento dunha factura de URBASER, S. A., aprobada no ano 2005.

O concelleiro Sr. García-Luengo Montero dí que a partir de agora URBASER, S. A., debe cumprir adecuadamente o contrato.

O concelleiro Sr. Pazos Docampo dí que se o Partido Galeguista cree que URBASER non cumpre o contrato que formule denuncia indicando as causas do incumprimento.

O concelleiro Sr. Pazos Couñago dí que a ver se se pode convocar a Comisión de Servizos Privatizados.

O concelleiro Sr. González Iglesias sinala que a comisión de servizos privatizados só ten funcións de asesoramento.

O Sr. García-Luengo Montero, manifesta que él, como membro do PG, non ten formulada denuncia con respecto a deficiencias no cumprimento do contrato por parte de URBASER, pero como cidadán, e a título persoal, si ten presentado, como mínimo, dúas denuncias.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as asistentes, sendo dezanove votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 6 do PP, 3 do B.N.G. e 2 do P.G.), aprobou, nos seus propios termos, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, nos antecedentes transcrito.-

4.- ESTUDO VIABILIDADE PARA EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA DO CENTRO DE DEPORTES ACUÁTICOS DE CHAPELA, E ANTEPROXECTOS FASES 2, 3 E 4 DAS OBRAS.-

ANTECEDENTES.-

Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio de data 19 de outubro de dous mil dez, que transcrito dí:

"Vista a proposta do Concelleiro delegado de asuntos económicos de data 15.10.10, que transcrita di:

"Examinado o estudo de viabilidade para expediente de concesión de obra pública do Centro de Deportes Acuáticos de Chapela, así como os anteproxectos correspondentes ás fases 2, 3 e 4 da obra.

Visto o informe de Intervención de data 26 de xullo do 2010.

Visto o informe urbanístico que con respecto aos anteproxectos, fases 2, 3 e 4 emite en sentido favorable o arquitecto municipal con data 14-10-10.

Visto o informe favorable emitido conxuntamente pola Intervención e Secretaría con data 15 de outubro de 2010.

(Selo da Corporación) (Sinatura do Presidente) Folio N.º.....

Serie A N.º 2237256

Este Concelleiro-Delegado, en virtude do que antecede ten a ben propoñer que a Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio ditamine favorablemente a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Aprobar o estudo de viabilidade para expediente de concesión de obra pública do Centro de Deportes Acuáticos de Chapela, así como os anteproxectos correspondentes ás fases 2, 3 e 4 da obra.

Segundo.- Someter o estudo de viabilidade e os anteproxectos ao trámite de información pública polo prazo dun mes mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, nun dos xornais de maior difusión na Provincia, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello.

Terceiro.- Determinar que a fase 2 das obras será executada polo Concello, e as fases 3 e 4 polo concesionario".

Votación e dictame:

A comisión informativa de facenda, e patrimonio, co voto favorable dos/as Sres/as Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (4) do BNG (2), e a abstención do Grupo Municipal do PP (4), e do PG (1) dictaminou favorablemente a proposta do Concelleiro delegado de asuntos económicos antes transcrita."

INTERVENCIÓNS.-

O concelleiro Sr. Bastos Fernández indica que votarán a favor, si ben, en outras ocasións téñenno feito en contra das propostas do PSOE, por canto son libres para pronunciarse no sentido que consideran máis correcto.

O concelleiro Sr. Pazos Docampo dí que apoiarán a proposta.

O concelleiro Sr.Pazos Couñago expresa o apoio á proposta e indica que houbo erro de planificación, por canto antes a segunda fase sería realizada polo concesionario da obra pública e agora polo Concello, o que siñifica que antes o custe era cero para o Concello e agora ten que investir 75.000 euros.

O Sr. González Iglesias manifesta que non hai improvisación, xa que no orzamento do Concello para este ano existe unha partida cun importe de 75.000 euros para facer fronte ao importe das obras da 2ª fase.

A razón de que estas obras sexan realizadas polo concello obedece a que estaba previsto que a finais de setembro o clube de remo de Chapela comenzase a utilizar as instalacións que ten destinadas no centro de deportes, pero ante o informe do arquitecto municipal sobre o perigo que iso representaba decidiuse, para evitalo, pospoñer a ocupación das instalacións e que o Concello procedese, á maior brevidade, á execución das obras do ximnasio, modificando, a tal efecto, as fases establecidas para a construcción do centro, correspondendo agora as do ximnasio á fase 2ª.

Con respecto ao custe cero dí que hai que ter en conta que a empresa concesionaria da obra pública fai a obra e logo repercute o seu custe aos cidadáns na explotación da instalación

O concelleiro Sr. Pazos Couñago dí que no ano 2009 existían unhas previsións con respecto á construcción do centro e no ano 2010 outras, o que é indicativo de error na planificación que comporta que agora o Concello teña que aportar 75.000 euros, nunha fase da obra que era a cargo da concesionaria da obra pública.

O concelleiro Sr. González Iglesias manifesta que no ano 2007-08, e como consecuencia da crisis económica houbo que buscar novas fórmulas para financiar a construcción do centro de deportes, o que non pode interpretarse como improvisación senón como búsqueda de solucións para levar a bó término a mencionada construcción.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as asistentes, sendo dezanove votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 6 do PP, 3 do B.N.G. e 2 do P.G.), aprobou, nos seus propios termos, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, nos antecedentes transcrito.-

5.- RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA ACORDO DO CONCELLO PLENO, EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN DOS PREDIOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "SANEAMENTO NA BACIA GALICIA-COSTA, COLECTOR XERAL DE TRASMAÑÓ".-

ANTECEDENTES.-

Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio de data 19 de outubro de dous mil dez, que transcrito dí:

"Vista a proposta da Alcaldía de data 08.10.10, que transcrita di:

Vistos os recursos de reposición presentados por JOAQUIN ALVAREZ LAGO e BERNARDO BOULLOSA ALONSO en relación ao acordo do pleno do Concello do 13.05.2010 polo que se aprobou definitivamente a relación de bens a ocupar para a execución da obra.

O primer recurrente aduce que non foron tidas en conta as suas alegacións en relación a dúas das suas propiedades, afectadas pola expropiación pretendendo o recoñecemento doutra finca con respecto a cal non se resolveu nada polo Concello. Nembargantes, nas alegacións presentadas por él mesmo o 04.05.2010 facía constar que as suas fincas non se corresponden co linde e representación catastral, razón pola cal está a tramitar o correspondente cambio no catastro.

Considerando que tampouco consta que as fincas ás que se refire estean rexistradas no Rexistro da Propiedade.

Considerando que malia que o recurrente presentou un plano parcelario , non existe ningún dato obxectivo que permita establecer a realidade dos seus predios aparte dos datos obrantes no catastro, documento utilizado para establecer a relación de bens a expropiar, tendo en conta que calquer cambio afectaría ao resto dos predios colindantes.

Visto o informe emitido polo director da obra na que se indica que se recoñeceu a afección da finca Redondelo, cunha ocupación temporal de 85 m2 e unha ocupación definitiva de 17 m2 e da finca Redondelo norte, cunha ocupación temporal de 150 m2 e definitiva de 30 m2 modificándose o previsto no acordo recurrido en función dos datos aportados.

Dado que no mesmo informe se sinala que *en cuanto a la posibilidad de cambio de trazado del colector, nos encontramos con el inconveniente de que el colector parte del punto bajo del colector de Trasmañó y tendríamos problemas, pues el punto indicado para la modificación se encuentra situado en una cota más elevada, debido a eso, se eligió el trazado que figura en el proyecto.*

En canto ao segundo recurrente, o mesmo apresentou documentación de que a finca relacionada co nº 14 e a nome de JOSEFA BOULLOSA ALONSO lle pertence, polo que cómpre admiti-lo recurso presentado.

Teño a ben propor ao pleno do Concello:

(Selo da Corporación) (Sinatura do Presidente) Folio N.º.....

Serie A N.º 2237257

1. Estimar o recurso presentado por BERNARDO BOULLOSA ALONSO, en canto a titularidade da finca nº 14, entendéndose con éste os sucesivos trámites do expediente.

2. Estimar parcialmente o recurso presentado por JOAQUIN ALVAREZ LAGO de acordo co informado polo enxeñeiro ALBERTO MORENO GARCIA modificando as superficies afectadas e quedando a relación como segue:

Nº finca segundo plano parcelario: 7 (Redondelo)
Propietario segundo o catastro: JOAQUIN ALVAREZ LAGO
Ubicación: Trasmañó
Referencia catrastral: 36045A05101891
Superficie en catastro: 1.009 M2
Ocupación temporal:
Superficie: 47,50 M2 Prezo: 1,00 Importe: 47,50 euros
Ocupación definitiva:
Superficie: 09,00 M2 Prezo: 3,00 Importe: 27,00 euros

TOTAL: 74,50 Euros

Nº finca segundo plano parcelario: 15 (Redondelo Norte)

Propietario segundo o catastro: JOAQUIN ALVAREZ LAGO
Ubicación: Trasmañó
Referencia catrastral: 36045A05102065
Superficie en catastro: 249 M2
Ocupación temporal:
Superficie: 139,00 M2 Prezo: 1,00 Importe: 139,00 euros
Ocupación definitiva:
Superficie: 28,00 M2 Prezo: 3,00 Importe: 84,00 euros

TOTAL: 223,00 Euros

Votación e dictame:

A comisión informativa de facenda, e patrimonio, co voto favorable dos/as Sres/as Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (4) do BNG (2), e a abstención do Grupo Municipal do PP (4), e do PG (1) dictaminou favorablemente a proposta do Presidente antes transcrita."

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as asistentes, sendo dezanove votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 6 do PP, 3 do B.N.G. e 2 do P.G.), aprobou, nos seus propios termos, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, nos antecedentes transcrito.-

6.- RESOLUCIÓN EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL 6/10.-

ANTECEDENTES.-

Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio de data 19 de outubro de dous mil dez, que transcrito dí:

"Vista a proposta da Alcaldía de data 30.09.10, que transcrita di:

"Visto o expediente nº 06/2010 seguido a instancia de ADRIAN ROBERTO ROSALES GARCIA sobre reclamación de responsabilidade patrimonial solicitando indemnización de 598,63 euros polos danos que presuntamente resultaron a consecuencia do impacto do seu vehículo 4149 BHF cunha reixa dunha arqueta, na rua Castelao de Redondela o 13.11.2009.

Considerando que polo instructor do expediente se formulou en data 17.08.2010 Proposta de Resolución en relación á cal, unha vez notificada aos interesdos, non se presentaron alegacións.

Considerando que de todo o que antecede e á visa do expediente resulta a responsabilidade da entidade concesionaria do servizo de auga e saneamento do Concello de Redondela, en virtude da relación contractual existente e en virtude da normativa de aplicación, cuestión que debe establecer o pleno como órgano de contratación ao abeiro do previsto no artigp 97.3 Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño aprobando Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRCAP) de aplicación por mor do preceptuado na disposición transitoria primeira, 2 da Lei 30/2007 do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Confirma-la Proposta de Resolución de data 17.08.2010 e na súa consecuencia establecer que a responsabilidade polos danos acaecidos o 13.11.2009 que deron lugar á presente reclamación correspondería en calquer caso a Aqualia, entidade concesionaria do servizo de auga e abastecemento do Concello de Redondela á que o interesado deberá dirixila sua reclamación.

Votación e dictame:

A comisión informativa de facenda, e patrimonio, co voto favorable dos/as Sres/as Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (4) do BNG (2), e a abstención do Grupo Municipal do PP (4), e do PG (1) dictaminou favorablemente a proposta do Presidente antes transcrita."

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as asistentes, sendo dezanove votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 6 do PP, 3 do B.N.G. e 2 do P.G.), aprobou, nos seus propios termos, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, nos antecedentes transcrito.-

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a mesma, sendo as dez horas e vintecinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio núm. 093 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 2237253 ata a volta do folio núm. 097, Serie A núm. 2237257, de todo o que, como Secretario, DOU FE.-

O ALCALDE

XAIME REI BARREIRO

O SECRETARIO ACCTAL.

BERNARDO SOTO LÓPEZ